

Kathleen March Tradutora ao inglés de Rosalía, Pedrayo ou Cunqueiro e fundadora da Asociación de Estudos Galegos

"O que se aprende nunha novela é tan importante coma nun ensaio"

"A palabra hórreo non se pode traducir"

C. Villar | Santiago 17.07.2015 | 01:54

Kathleen March, onte, en Santiago. **xoán álvarez**

Kathleen March, hispanista estadounidense e catedrática de Linguas Modernas na Universidade de Maine, traduciu ao inglés a Cunqueiro, Pedrayo ou Rosalía, e ao galego a autores coma Chomsky. Os seus vencellos con Galicia, en cuxa lingua se expresa con fluidez e que considera un "orgullo" para Galicia, xustifican que a Real Academia Galega a convidase a impartir unha palestra no XXVIII curso de lingua e cultura galegas para estranxeiros.

-Como a unha norteamericana coma vostede lle fascinou tanto a cultura galega ata o punto de fundar a Asociación de Estudos Galegos? Foi coma un namoramento?

-Iso din, mais eu penso que ten unha explicación menos misteriosa. Simplemente entrei nun lugar que percibía que tiña moito arredor: que había cultura, lingua, escritores, historia, e que eu realmente sabía pouco, pero sabía que non era a "España" que me explicaran nas aulas da universidade. Alguén me puxo diante un libro galego e entendino, aínda que sen ter estudiado portugués non sería posible. Pero ninguén me falara de Galicia. E decateime de que eran un gran segredo por parte da universidade, do oficial, e como eu son un pouco rebelde, comecei a investigar e descubrín que había moitos escritores vivos, que podía falar con eles. Xa estaba encamiñada, no vieiro do galego. Era a forza do propio galego.

-Philip Roth titulou un libro *La gran novela americana*. Está xa escrita a gran novela galega?

-Están escritas unhas cantas grandes novelas galegas, como *Arredor de si*, mais outras van aparecer ou teñen aparecido e inda non son as grandes. Falta tempo.

-Cada lingua reflexa o xeito de ser dun pobo e hai palabras que non se poden traducir, non? Pode ser morriña unha delas?

-Fixen un artigo sobre a poesía de María Mariño porque é moi sinxela, natural, mais á hora de facer traducións, díciame 'isto non é unha palabra sen máis, é un concepto'. Ocorría con 'chan'. Porque eu sabía que non era unha tona, senón un volume, un lugar onde acontecían accións. Outra palabra que non se pode traducir e os tradutores se empeñan é 'hórreo'. Porque un hórreo hoxe en día significa moito máis do que é. Significa como é, que ten ou non ten dentro, como está pintado, onde está, se mira o mar, se está so, roto ou protexido pola lei, e as lembranzas dos galegos sobre el. Morriña pode ser. Podemos chegar a captar o significado mais imos captalo en galego. Entón eu podo sentir morriña, non sendo galega. Porque me teñen pasado certas cousas fóra daqui e choro e penso que quero estar aquí. É algo que se aprende. E cecais efectivamente non se traduce. A tradución non o pode facer todo.



-Porque sempre é unha versión.

-Eu penso que é preciso pormos os tradutores a palabra orixinal e explicar brevemente que é. Por exemplo, a palabra 'paisaxe'. Para min non existe en inglés.

-Landscape, scenery...

-Non. É 'paisaxe'. Esa é unha palabra que non quero ver nas traducións. E podería haber máis, como pementos de Padrón.

-Pérdese algo na tradución...

-Penso que un bo tradutor é consciente diso. Intenta reempazar ou engadir algo, darlles algo máis aos lectores a cambio do que se perde.

-Hai mercado dabondo para o libro en galego?

-Penso que vai adquirir mercado fóra de Galicia. O importante é publicar libros bos e que non sexan excesivamente caros para que a xente poida ler. E o mercado do libro electrónico pode axudar.

-O Concello de Madrid pensa en cambiarlle nomes a rúas pola súa asociación co franquismo. Cunqueiro é un deles. Que opina?

-Diría que como escritor é moi coñecido, pola cultura galega podería deixarse. Non sei. Eu deixaría o nome de Cunqueiro e logo se se quere falar da súa política, pódese.

-Por que é importante ter unha literatura propia para a supervivencia dunha lingua?

-Porque é a documentación dunha lingua e dunha cultura.

-Coma a memoria...

-Claro. O que se aprende nun poema ou nunha novela é algo tan importante coma nun ensaio dun historiador ou nun libro de texto.

-As enquisas revelan perda de falantes en galego. Cre que a lingua sobrevivirá mil primaveras máis?

-E por que non? Ten que facelo. Se non, vou estar moi fastidiada. Así como Lorca quería que o enterrasen na veleta, eu quero que me enterren nunha gárgola de Fonseca, e vou estar vixiando iso. Como non se fale galego, vou estar moi enfadada.

Fonte: <http://www.laopinioncoruna.es/sociedad/2015/07/17/o-aprende-nunha-novela-e/977187.html>
[Data de descarga: 04/12/2015]